

En sesión que tivo lugar o 11 de decembro de 2015, a comisión de valoración para o proceso selectivo das bolsas para a formación en prácticas para titulados/as superiores universitarios/as e de formación profesional en asuntos relacionados coa Unión Europea para o ano 2016,

ACORDOU

Primeiro.- Publicar a relación de respostas dos cuestionarios.

Segundo.- Anular as preguntas 17 do cuestionario de coñecementos sobre a Unión Europea e 2 do cuestionario de inglés da proba práctica de titulados/as superiores universitarios/as e engadir as respectivas primeiras preguntas de reserva no seu lugar.

Terceiro.- Publicar a relación provisional de resultados da primeira fase do proceso de selección.

Cuarto.- Abrir un prazo para que os/as aspirantes que así o desexen presenten as alegacións que estimen pertinentes. O prazo rematará o vindeiro día 16 de decembro, mércores, ás 14.00 horas. Estas alegacións irán dirixidas á comisión de valoración e serán remitidas a través do correo electrónico santiago@fundaciongaliciaeuropa.eu ou presentadas no rexistro da Fundación Galicia Europa (Rúa do Hórreo, 61, 3º, 15701 Santiago de Compostela ou Rue de la Loi, 38, 2º, bte.2, 1040, Bruxelles).

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2015